

PLAN ANUAL DE LECTURA



)

CURSO 2023-2024

CPI PONTE CARREIRA

1.- INTRODUCCIÓN

O CPI Ponte Carreira propónse o logro dun ensino de calidade e en liberdade para, dende a comunidade na que se integra, dar resposta ás necesidades formativas do alumnado, contribuíndo ó desenvolvemento dunha educación integral que facilite tanto o acceso, con garantías de éxito, a outras etapas educativas, como a incorporación á vida social como cidadáns libres, críticos, responsables, participativos e solidarios.

O PLAN ANUAL DE LECTURA para o presente curso 2023-2024 pretende, coas súas propostas individuais e grupais, achegarse a este ambicioso obxectivo. E, para iso, organizamos espazos, tempos e recursos persoais e materiais.

2.- OBXECTIVOS

A lectura non é tarefa exclusiva das materias relacionadas coas linguas. Este plan pretende establecer uns criterios mínimos que se adapten ás distintas etapas e departamentos encargados de elaborar obxectivos, contidos e actividades concretas para a lectura. Marcamos os seguintes obxectivos esenciais:

- ❖ Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita.
- ❖ Integrar actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario.
- ❖ Traballar a lectura xunto coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- ❖ Asumir que esta tarefa non é responsabilidade das materias de linguas, senón que é necesaria a participación e implicación de tod@s.
- ❖ Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos fill@s. Informaranse deste Plan de Lectura.
- ❖ Diseñar actividades de comprensión lectora por etapas, cursos, ciclos e materias.
- ❖ Programar actividades de animación lectora
- ❖ Empregar os recursos da biblioteca escolar e valoralos criticamente.
- ❖ Potenciar o uso da biblioteca como recurso para o ocio e construción de novos coñecementos.
- ❖ Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica todas as áreas e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta, en silencio, recitais, dramatizacións, sesións diarias de clase,...

3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A organización e funcionamento das bibliotecas queda recollida nos respectivos protocolos (infantil e primaria e secundaria)

O alumnado ten 20 minutos diarios de lectura ao principio da clase de

maneira rotatoria semanalmente.

En **infantil** será tanto lectura libre, cos libros da biblioteca de aula, tanto individual como en grupos, ou lectura de contos por parte da mestra.

En **primaria** será unha lectura voluntaria e individual xeralmente,

Tanto en infantil e primaria será unha lectura que mesturaremos con lecturas guiadas de xeito puntual con motivo de celebracións como o Samaín, Nadal, Día da Paz, Semana do Libro, Letras Galegas,... E, por suposto, con apadriñamentos lectores que tanto bo resultado nos deron en anos anteriores.

En **secundaria** tamén nos recreos dos xoves o alumando pode asistir ó Clube de Lectura “A cova das palabras”, con local propio na planta central do centro, decorada e organizada polos alumnos, coordinador pola profesora de Lingua Castelá. Puntualmente, este alumando realiza outras actividades: preparación da visita dun escritor, preparación do cineforum ou mesmo visionado de películas relacionadas cos libros que len.

Ademais, empregaremos outros espazos do centro como a biblioteca, patios, corredores,.. cando se organicen actividades extraordinarias en datas concretadas para todos os niveis.

4.- LIÑAS PRIORITARIAS DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA.

Plantéxanse unha serie de accións prioritarias para coordinar a biblioteca:

- ✓ Continuar co reparto de tarefas dedicando o tempo á xestión técnica-organizativa (catalogación, adquisicións, forrado, colocación de libros nos andeis, arranxos,...)e á dinamización (fomento da lectura, club de lectura, formación de usuarios, proxectos documentais).
- ✓ Formación de usuarios.
- ✓ Realización de sesións lúdico-didácticas con cada grupo-clase encamiñadas a un mellor coñecemento da organización e funcionamento da biblioteca.
- ✓ Caixas viaxeiras para as aulas en infantil e primaria, cunha periodicidade quincenal.
- ✓ Actualización dos fondos con novas adquisicións e realización de expurgos anuais.
- ✓ Continuar coa centralización dos recursos (en calquera formato) dos diversos ciclos e departamentos e atender ás suxestións de adquisicións realizadas polos mesmos.
- ✓ Presentación-exposición das novidades como medio de difusión das mesmas na comunidade educativa.
- ✓ Dinamizar o blogue da biblio “biblioponte.blogspot.com” e empregalo como vehículo de información, suxestións, reflexións e propostas para toda a comunidade educativa, en estreita colaboración co EDLG.

- ✓ Elaboración de recomendacións de lectura en Nadal, Día do Libro e Final de curso, en colaboración co EDLG.
- ✓ Realizaremos encontros con profesionais vinculados ao mundo do libro: escritores, ilustradores, contacontos dacordo coas propostas de editoriais as que estamos subscritos (como Kalandraka) ou libros lidos no Club de lectura ou seleccionados polos profesores.
- ✓ Realizaranse concursos variados: cartas de amor, poesías, banda deseñada,...
- ✓ Facilitar materiais, espazos e recursos para os proxectos documentais dos diferentes cursos ou departamentos.

5.- RECURSOS HUMANOS

Para nós é moi valiosa a presenza de **alumnado voluntario** en primaria polo que este curso tamén seguirán colaborando na realización dos empréstitos co programa KOHA, con lecturas para os demais alumnos, na elaboración de material para as actividades programadas, nas exposicións de novidades ou na elaboración das caixas lectoras de aula relacionadas con temáticas diversos.

Contamos cun amplo equipo de profesores que pertencen ao grupo de biblioteca, cun tempo asignado no seu horario para atención á biblioteca:

A persoa responsable da biblioteca será Margarita de Azebedo.

O equipo de apoio e o tempo de dedicación a diferentes tarefas é o seguinte:

Margarita de Azevedo Pinto
 Diana Sánchez Sánchez
 Francisco Manuel López
 Marta
 Laura
 Nelly Iglesias Rey
 María Jesús Presedo
 Verónica
 Josefa Méndez Rodríguez
 Laurence Comte

6.- ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR DO CENTRO (achegas dos responsables das etapas, áreas, ciclos e departamentos):

6.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Achegarémonos ao mundo da lectura dun xeito global e transversal a través de contos, adiviñas, poemas, retahílas,... relacionados cos proxectos que

se traballarán na aula, con festas populares e con conmemoracións. Dun xeito especial traballaremos as “lecturas” que favorezan o desenvolvemento das emocións e da convivencia e, por suposto, a educación en valores.

Contamos con biblioteca de aula e semanalmente levarán un conto en préstamos para a casa, preferiblemente os venres.

6.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

✓ Lingua-lengua

- Lectura colectiva ou silenciosa de textos de tipoloxía diversa.
- Realización de actividades de comprensión para pescudar o grao de entendemento, memorización e vocabulario.
- Dramatización de textos teatrais, asignándolle a cada alumno un personaxe.
- Participación do alumnado dos niveis máis altos en propostas de animación á lectura pensada para o alumnado de cursos inferiores.
- Empregar a biblioteca de aula e de centro para fomentar o gusto pola lectura.
- Lectura colectiva dun libro en galego e outro en castelán.
- Realización de concursos no que o alumnado teña que crear os seus propios textos: contos, poesías,...
- Participación en todas as actividades relacionadas coa Biblioteca.

✓ Educación física

O plan anual de lectura e o proxecto lector do centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Aínda que a área de EF é principalmente práctica e cun alto compoñente motriz, tamén debemos colaborar no desenvolvemento da competencia lingüística e o proxecto lector do centro.

Engadimos na programación xeral das unidades didácticas algunhas actividades que requiren dun tempo de lectura necesariamente comprensiva. Actividades tales como xogos de pistas que necesitan dunha interpretación para acadar un “tesouro”, lectura de determinados contos populares para a súa posterior representación, recollida de información en biblioteca, Internet etc.

No blogue de Educación Física e nas distintas aulas virtuais dos cursos, tamén se ofrecerán artigos, noticias, actividades, explicación de xogos..., adaptados ao nivel dos distintos cursos, que necesitarán dunha lectura comprensiva.

✓ Matemáticas

- Comprensión dos enunciados previa á resolución de problemas.

- Ler a linguaxe simbólica e saber transcribirla á linguaxe literaria.
- Comprender enunciados previos á resolución de problemas.
- Comprensión de conceptos matemáticos traballados e construír definicións.

✓ **Ciencias**

- Lectura de toda a clase de mapas conceptuais, físicos, políticos,... e as súas lendas.
- Aprendizaxe de técnicas de estudo (esquemas, resumos, subliñado,...).
- Realización de murais de contidos traballados.
- Saber buscar e seleccionar información.
- Realización e exposición de traballos.

✓ **Inglés**

- Ler textos breves e responder preguntas sobre eles.
- Comprender o sentido global de textos, cómics,... segundo o curso.
- Producir e interpretar textos sinxelos en inglés.
- Aprender tonadillas e cancións.

✓ **Relixión**

- Traballar relatos bíblicos e describir personaxes.
- Conversar sobre citas bíblicas
- Buscar información en distintos soportes sobre diferentes temas
- Intercambiar ideas e/ou opinión sobre textos bíblicos ou calquera outro aspecto relacionado.

✓ **Valores/Proxecto Competencial**

- Ler contos de valores e emocións.
- Buscar información sobre os valores traballados
- Reflexionar, conversar,... sobre normas que beneficien a convivencia.

✓ **Educación artística**

- escoitar música para producir unha obra artística.
- Traballos plásticos a partir da lectura de textos.
- Lectura e comprensión da linguaxe artística.
- Buscar información sobre autores, tendencias, estilos,...
- Audición identificando sentimentos e emocións.

6.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA

✓ Educación física

- Lectura de artigos de prensa e análise dos mesmos, cun tema concreto: a muller e o deporte, valores positivos no deporte, etc.
- Búsqueda de información relacionada cos bloques de contidos da materia.
- Lectura de artigos de revistas deportivas.
- Propoñer ao alumnado bibliografía da área de educación física para a súa lectura na hora de ler.

✓ Lengua e literatura castelá

Este plan apoiado polo departamento, ofrece os alumnos variedades de libros como oferta de lectura para así poder coñecer mais material de actualidade, así como propostas de reflexión para obter un espírito crítico no alumno de hoxe en día. O departamento participa activamente co Grupo de Biblioteca para levar a cabo actividades, concursos e xogos cos que o alumnado manexa a lingua e a literatura como ferramenta de traballo e lecer.

✓ Francés

Nos distintos cursos tratarase de fomentar a lectura, os instrumentos utilizados serán bandas deseñadas, poemas, cancións, estudos comparativos de textos e películas, prensa francesa, revistas...

✓ Matemáticas.

- Lectura do enunciado con toda a atención.
- Toma de notas, representando os datos esquematicamente, nun gráfico, debuxo, esquema, etc.,
- Explicalo coas propias palabras, incidindo no que nos pregunta e no que sabemos.
- Buscar estratexias para resolver problemas:
 - É un problema para o que temos un sistema de resolución?
 - Busca da solución por ensaio-erro.
 - Facer preguntas intermedias.
 - Resolver casos particulares máis sinxelos cós

propostos, ou con números máis sinxelos.

- Executar a estratexia que decidimos aplicar.
- Redactar a solución.

✓ **Bioloxía:**

Desde este Departamento empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación da información ó alcance do alumnado para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles, co obxectivo de:

- Crear hábito de lectura.
- Desenvolver actitudes favorables á lectura.
- Favorecer a comprensión lectora.
- Practicar e fomentar a escritura.
- Favorecer o desenvolvemento persoal.

E teremos en conta os seguintes recursos:

- Biblioteca do Centro.
- Tódolos textos, unidades didácticas, libros de texto... do laboratorio de CCNN
- O libro de texto deste curso.
- Fontes informativas impresas ou en soporte electrónico de todo tipo de textos.

✓ **Ciencias sociais**

- Fomentar o uso da biblioteca como fonte de coñecemento, de aprendizaxe e de gozo persoal, a través da consulta e da lectura de libros ou de artigos científicos e divulgativos.
- plan lector básico concrétese, para cada unidade didáctica, na lectura dun texto inicial e dun ou dous textos complementarios; componse dunha selección de textos divulgativos especialmente adecuados para determinados contidos do curso.
- En 2º e 4º cursos farase fincapé na lectura e análise de textos históricos.
- Recoméndanse libros ou lecturas de carácter divulgativo.
- Fomentar a lectura comprensiva e a busca do significado das palabras descoñecidas, espertar o interese do alumnado e motivalo para afondar no tema e para escribir os seus propios textos.

✓ Música

A relación das TIC coa materia de “Música” é evidente, especialmente si tratamos os recursos informáticos aplicados á reprodución, gravación, edición de partituras... ou, simplemente, á búsqueda de información en Internet. De feito, nos obxectivos xerais de Música, pódese ler:

“Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, desfrute e apreciación musical.”

En canto ó hábito de lectura e de expresarse correctamente, parece sinxelo de tratar si consideramos a existencia dun obxectivo xeral que di:

“Adquirir o vocabulario que permita explicar de forma oral e escrita os procesos musicais e establecer valoracións propias.”

Parece necesario, neste sentido, tratar como recurso habitual, a lectura comprensiva, o comentario de texto literario musical, o debate en grupo, a expresión de opinións en voz alta, etc. Temos que ter en conta do mesmo xeito, que o centro conta cun plan lector que inclúe unha sesión de 30 minutos diarios de lectura. Para esta sesión o departamento recomendará lecturas relacionadas coa música na que o alumno poida aprender e satisfacer a súa curiosidade, ou se non fose o caso alo menos intentar espertala.

✓ Plástica

En relación coa lectura da imaxe traballaremos:

- Proxección de imaxes fixas, a partir de Power-points, de obras de diferentes autores, analizando e interpretando as mesmas. Preténdese crear unha “biblioteca visual” do alumno que lle sirva como referente para a realización dos seus traballos e para o disfrute das obras alleas.
- Proxección de imaxes en movemento: cortos ou películas de ficción, documentais ou de animación. Igual que no punto anterior, analizaremos non só os contidos formais senon os aspectos artísticos, de expresividade, etc.. Sobre todo visualizaremos obras de autores galegos, xa que disponemos dunha gran mostra na biblioteca escolar do Consorcio Audiovisual Galego.
- Realización de traballos escritos individuais (en 4º ESO) e colectivos (en 1º de ESO) sobre algún autor determinado dentro dunha lista proposta. Os alumnos terán que facer todo o proceso de:
 - Búsqueda de información en diferentes soportes

(enciclopedias, internet, videos...)

- Lectura, selección, resumo, etc dos contidos.
- Redacción onde recollan: datos biográficos, estilo e obras, análise de algunha delas...
- Presentación oral á clase.

✓ **Física e química.**

- ✓ Despertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- ✓ Potenciar a comprensión lectora en relación cas ciencias da natureza
- ✓ Formar lectores competentes no ámbito escolar
- ✓ Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal
- ✓ Fomentar no alumno, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica no seu entorno
- ✓ Usar a biblioteca para o aprendizaxe e como fonte de pracer.
- ✓ Recomendar libros científicos-tecnolóxicos dende as aulas para que o alumnado os descubra e os lea.

✓ **Inglés.**

Será obligatoria unha lectura por trimestre e elixiranse os títulos en función do nivel dos alumnos. Traballaremos tamén con pósters, revistas, cancións,...

✓ **Lingua galega**

- Exposicións periódicas das últimas adquisicións de libros ou material audiovisual para a biblioteca.
- Mostra de opinións críticas e recomendacións de lectura do propio alumnado.
- Concursos a nivel de centro de marcapáxinas, cartas de amor, poesía e relato breve.
- Creación e representación de pequenas obras de teatro creadas na aula.
- Visita ao centro de algún escritor, autor dalgunha obra lida e do gusto dos alumnos.
- Uso das distintas tecnoloxías da comunicación e da información cun enfoque funcional, buscando unha utilización eficaz, comprensiva e ética dos mesmos.
- Traballarse con todo tipo de textos (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos) en soporte impreso ou electrónico.
- Buscarase axustar o tipo de lectura ao obxectivo ou finalidade de cada ocasión.

- Realización de libro forum, como canalizador dunha estratexia que integra tódalas habilidades lingüísticas (ler, escribir, falar e escoitar).
- Ofrecemento de talleres literarios onde se alterna a lectura e a creación de textos poéticos.

7.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN:

A avaliación é fundamental para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e levar a cabo actuacións encamiñadas a mellorar os servizos.

Haberá reunións periódicas para revisar o Plan Anual de Lectura e facer as achegas precisas para mellorar os resultados e analizar as necesidades e suxerir lecturas relacionadas cos contidos do plan.

Para levar a cabo a avaliación teremos en conta:

- A presenza de usuarios na biblioteca e os préstamos realizados.
- A implicación do alumnado e do profesorado nas actividades organizadas.
- As suxestións que os usuarios fagan a través do buzón ou persoalmente.
- Os resultados das enquisas que realizamos habitualmente, nas que os usuarios poidan valorar as actividades realizadas e os servizos prestados, así como realizar todo tipo de suxestións de mellora e ampliación.